

O ZARA Home

de Dolors Perarnau

Canso xa de aturar as insistencias da súa muller, Tucho Moscoso, home de poucas palabras pero gran corazón, desprázase á capital para mercar roupa máis acorde cos tempos. Para un home de poucas galas, coma el, é sempre unha pesada tarefa iso de ter que renovar o vestiario, mais cando é a muller a que leva os pantalóns, non queda outra que renovalos con resignación.

Así que, sen máis, emprende Tucho a súa marcha cara a Compostela. Unha vez alí, e logo de percorrer novidosas vías rápidas e autopistas que lle fan máis lixeiro o camiño, aínda que tamén máis caro, dispónse a ir directamente ao *ZARA Home*, como bo galego que é, para así dar os cartos aos de aquí no canto de investir nos de fóra. Mais, para a súa sorpresa, non atopa pantalón ningún, nin nada que se asemelle ás pezas de vestir dos homes. Pola contra, queda abraiado ao descubrir estantes cheos de cousas para a casa, tales como manteis, almofadas ... e un gran retalo de artigos do fogar que nada teñen que ver co que el viña buscar a Santiago. Sen saber moito qué facer, volve para a casa un tanto desconcertado, mais coa tranquilidade de ter satisfeita a demanda da súa muller.

–Carmucha, non podes imaxinar como cambiou Santiago! Seica agora os homes visten con roupa do fogar! Mira que mantel máis xeitosiño merquei para ir a xogo cos zapatos do domingo!